



**Concello
de Brión**

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Acta da sesión do tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo para estabilización de persoal temporal polo sistema excepcional de concurso dunha praza de: OFICIAL III-ALBANEL do Concello de Brión.

Acta do tribunal de selección.

Acta nº. 2

Data da sesión: 12.07.2023.

Hora inicio: 9,50 horas.

Hora de finalización: 10,00 horas.

Lugar: Casa do Concello de Brión.

Asistentes:

PRESIDENTE/A:

María Victoria Varela Rodríguez.

VOGAIS:

Ana Isabel Candame Areosa.

Alberto Iglesias Fungueiriño.

Alberto Álvarez Escudero.

SECRETARIO/A:

Javier Nieves González.

Transcorrido o prazo de alegacións de 10 días hábiles, o tribunal acorda:

1º) Desestimar as alegacións presentadas á puntuación provisional do concurso, seguidamente relacionadas e polos motivos que se sinala:

1. GERARDO GARITAONANDÍA EXPÓSITO, rexistro de entrada 202300000001552, do 09.06.2023, solicita en esencia que se lle puntúe o tempo traballado no Concello por 0,75 puntos posto que o grupo é o mesmo (V).

Se desestima posto que a praza cuxa estabilización se está a tramitar con código 03.02.01.03 figura na Relación de Postos de Traballo do Concello como albanel, non como peón, que son os servizos que acredita o interesado, e aínda que se poida tratar dun mesmo grupo a efectos de clasificación de postos realizado no convenio colectivo do Concello, as funcións da praza de albanel non son as mesmas que as da praza de peón segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello, nin son equivalentes, e por outra banda significar que o artigo 81 do convenio colectivo do Concello é de aplicación soamente ao persoal laboral do Concello.

2º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
FREIRE	GÓMEZ	MANUEL	26,55	30,00	56,55
GARITAONANDÍA	EXPÓSITO	GERARDO	16,00	30,00	46,00
DAPENA	ILLODO	ÁNGEL AURELIO	70,00	30,00	100,00
CORDO	RIVERA	AVELINO	19,20	30,00	49,20
PAZ	SEIJAS	MIGUEL ÁNGEL	22,20	30,00	52,20
RAMOS	NANDE	JESÚS	3,20	30,00	33,20

3º) Propoñer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de **OFICIAL III-ALBANEL**, grupo V, atendendo á orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4.das bases xerais: **ÁNGEL AURELIO DAPENA ILLODO**.

4º) Consonte co disposto na base 15 das bases xerais pasan a formar parte da **bolsa de emprego** aqueles candidatos que participando no proceso selectivo e non superando este, obteñen unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total), quedando ordenada atendendo á puntuación obtida, e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais do seguinte xeito:

1. MANUEL FREIRE GÓMEZ.
2. MIGUEL ÁNGEL PAZ SEIJAS.

5º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.

6º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que **disporá dun prazo de 20 días hábiles**, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a **documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais**.

7º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes.

